

Expte: 2412/500

**MODIFICACIÓN ORDENANZA  
FISCAL REGULADORA DAS  
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE  
SERVIZOS DE  
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA  
POTABLE, REDE DE  
SUMIDOIROS, SANEAMENTO E  
DEPURACIÓN DE AUGAS  
RESIDUAIS. (60)**

**2018**



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

**ESTIMACIÓN, PARA O ANO 2018, DA PREVISIÓN DE CUSTES E INGRESOS DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

Segundo o artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) a determinación da contía das taxas por prestación de servizos farase tendo en conta a previsión de “custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización de inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo (...)”.

**METODOLOXÍA.**

- A. Realízase unha estimación do custe unitario por m<sup>3</sup> de auga facturada para o exercicio 2018 no que se computa o custe da estrita explotación a máis das partidas de recuperación financeira de investimentos, canon e custes indirectos.
- B. Realízase unha estimación da tarifa media para o ano 2018 a partires dos datos reais de facturación contidos nos padróns fiscais dos primeiros seis meses do ano 2017.
- C. Establécese a comparación entre as estimacións do custe unitario para o exercicio 2018 e da tarifa media para o exercicio 2017 para determinar o incremento de taxas co fin de financiar total ou parcialmente o servizo.
- D. Por último, determínase o incremento proposto na Ordenanza Fiscal a partires do 1 de xaneiro de 2018.

**A) ESTIMACIÓN DO CUSTE UNITARIO ANO 2018**

**I.- CUSTE UNITARIO DE EXPLOTACIÓN**

Para estimar o custe unitario de explotación aplicable ao ano 2018 partimos da estimación do custe unitario de explotación correspondente ao ano 2016, e actualízase co coeficiente de revisión correspondente ao ano 2017, resultante de aplicar a fórmula polinómica recollida a tal efecto na base 86ª do Prego de Condicións Económico Administrativas que rexe a concesión deste servizo.

\* Custe unitario de explotación 2016 = 0,6697 euros/m<sup>3</sup>.





## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

### Coeficiente de revisión 2017

$$K_t(2017) = a \frac{H(t)}{H(o)} + b \frac{E(t)}{E(o)} + c \frac{S(t)}{S(o)} + d \frac{G(t)}{G(o)} + e$$

onde:

K é o coeficiente teórico da revisión

H é o factor man de obra

E é o factor enerxía

S é o factor materiais siderúrxicos

G é o factor gastos xerais do servizo

a = coeficiente de ponderación do factor man de obra

b = coeficiente de ponderación do factor enerxía

c = coeficiente de ponderación do factor materiais siderúrxicos

d = coeficiente de ponderación do factor gastos xerais

e = termino independente, que recolle o marxe bruto de explotación da concesionaria

t = indica que se trata de valores de base

o = indica que se trata de valores finais

$$K_{t(2017)} = 0,606 \times \frac{101,16}{100,00} + 0,108 \times \frac{2.804,0}{2.734,8} + 0,176 \times \frac{1.007,8}{910,9} + 0,06 \times \frac{101,6}{100,0} + 0,05 = 1,029445$$

En relación aos factores enerxía e materiais siderúrxicos utilízanse como momentos iniciais para calcular o Coeficiente de revisión 2017 os momentos finais empregados para calcular o Coeficiente de revisión 2016.

En relación ao factor man de obra realízase unha estimación ata decembro do 2017, tendo en conta as táboas salariais provisionais acordadas no Convenio Colectivo asinado co persoal para o ano 2017, que supoñen un incremento do 16% respecto as do ano anterior, provisionais porque recollen unha actualización ao alza se o IPC real anual de 2017 resultare superior ao 1% ata o límite do 2,25%.

Os últimos índices de prezos de materiais siderúrxicos e de enerxía publicados son os do mes de xuño de 2016, publicados o 9 de xuño de 2017: aceiro 1.007,8 e enerxía 2.804. Os de referencia para a revisión de 2016 eran os do mes de decembro de 2015, publicados o 29 de xuño de 2016.

Para a revisión do termo de gastos xerais temos en conta o I.P.C. interanual para decembro 2016: 1,6%.

$$\text{Custe unitario de explotación estimado ano 2017} = 0,6697 \times 1,029445 = 0,6894 \text{ €/ m}^3$$





## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

\* E.D.A.R. Río Lagares.

No marco da execución da obra “ampliación e modernización da EDAR Río Lagares”, dende o 1 de marzo de 2017 ata 30 de abril de 2018 a EDAR Río Lagares adscrita a la concesión deixa de funcionar. O seu custe de explotación, incorporado ao custe unitario de explotación do servizo, estímase en 6 millóns de euros/anuais, aproximadamente.

O impacto no custe unitario de explotación para o ano 2017 do non funcionamento da EDAR Río Lagares durante os meses de marzo a decembro deste ano é abordado no apartado II.

Estímase que a partir de maio de 2018, unha vez finalizada a obra e o seu período de posta en marcha, o custe de explotación da instalación, pendente dos informes técnicos oportunos, será de 9 millóns de euros/anuais, aproximadamente.

Así, para o ano 2018 estímase que o funcionamento da EDAR Río Lagares, xa ampliada e modernizada, non terá impacto algún sobre o custe unitario:

$$(((9.000.000 - 6.000.000) \times 8/12) - (6.000.000 \times 4/12)) / 41.075.000^1 = 0,0000 \text{ €/m}^3.$$

<sup>1</sup> m<sup>3</sup> facturados en 2016 (último dato coñecido)

\* Estimación Custe unitario de explotación 2018.

Estimamos un  $Kt_{(2018)} = 1$  e, polo tanto, un custe unitario de explotación actualizado para 2018 de 0,6894 €/m<sup>3</sup>.

**I.- Custe unitario de explotación                      0,6894 €/m<sup>3</sup>**

## II.- RECUPERACION PLAN DE INVERSIONES

En relación á Recuperación do Plan de Inversiones e a Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR Lagares tomamos como punto de partida ás contías que constan no Informe-proposta do expediente 101177/140, de data 15 de febreiro de 2008, do Xefe de Servizo de Inversiones, último expediente de retribución da concesionaria aprobado pola XGL.

Recuperación do plan de investimentos para o ano 2007:                      0,3618 €/m<sup>3</sup>.  
Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR Lagares:                      0,0107 €/m<sup>3</sup>.

“Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polas Administracións Públicas, entre os exercizos 1991 e 2005 (ambos inclusive), por un importe



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2017 13:58	Páxina 3 de 9
Expediente 2412/500	Código de verificación: 22ED4-84888-A5BC3-43B2A	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

total de 1.157.539,28€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento”.

Por outro lado, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas,(...), por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato (...).*

*2º.- En cumprimento do establecido no expositivo quinto do “Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenca del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto. Ampliación e modernización da EDAR do Lagares, a Entidade Aqualia-FCC Vigo UTE asume o compromiso económico recollido no parágrafo letra c) da cláusula III do mentado convenio e a súa materialización en concordancia co recollido no parágrafo terceiro desta proposta. (...)*

*3º.- Convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican en según as contías e prazos de execución que a continuación sinálanse: (...).*

O volume total de investimento previsto é de 36,8 millóns de € (6,6 millóns de € por Desviacións de tarifa exercicio 2010; 10,2 millóns de € pola Adquisición terreos EDAR Lagares; 20 millóns de € de Outros investimentos).

*A recuperación dos fondos comprometidos pola Entidade Concesionaria (...) se autofinanciarán mediante a asignación do canon resultante a favor da Administración concedente, que se rexistre a partir do primeiro exercicio de prórroga (2016). (...)*”.

Así mesmo, o 21 de decembro de 2015 a entidade Landwell-PwC Tax & Legal Services emitiu, a solicitude da Dirección de Ingresos, expediente 2223/500 de 5 de novembro do 2015, un informe onde se analiza o custe financeiro que debe rexer no modelo financeiro de recuperación de investimentos dende o ano 2011. Esta mesma entidade xa revisara en informes anteriores o custe financeiro que rexeu ata o ano 2010.

Neste informe recóllese que “El objeto de nuestro análisis es determinar un tipo de interés a incluir en el modelo financiero de recuperación de inversiones basado en los principios enunciados en la concesión. Debido a las circunstancias descritas anteriormente, entendemos que la fórmula para calcular el tipo de interés consiste en definir un diferencial sobre el euríbor que sea adecuado para un proyecto de financiación de estas características. Por ello, nos parece razonable un diferencial igual al





## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

promedio del resto de años analizados con financiación específica (euribor + 2,83%). En la siguiente tabla se detalla el tipo de interés resultante:

Año	Tipo de interés anual
2011	4,84%
2012	3,94%
2013	3,37%
2014	3,31%
2015	3,00%

Sobre la base de la curva a futuro del euribor a un año desde el 1 de diciembre de 2015, y una vez aplicado el diferencial medio verificado en el punto anterior, el coste financiero resultante ascendería a:

Fecha anual	Euribor previsto a 1 año	Diferencial promedio anual	Coste financiero
31/12/2016	0,11%	2,83%	2,94%
31/12/2017	0,10%	2,83%	2,93%
31/12/2018	0,17%	2,83%	3,00%
31/12/2019	0,28%	2,83%	3,11%
31/12/2020	0,40%	2,83%	3,23%

(...)"

Introduciendo no modelo económico financeiro de recuperación do Plan de Investimentos da concesión as variables actualizadas dos acordos resumidos nos parágrafos precedentes (ampliación do prazo concesional do 31/12/15 ó 31/12/20, novos investimentos previstos,...), e actualizando o custe financeiro ó informe de PwC, a cota de recuperación de investimentos para o ano 2016 sitúase en 0,3866 €/m<sup>3</sup> e para os anos 2017 e 2018 estímase na mesma cantidade pola inclusión da desviación positiva derivada do aforro de custe que supón a non explotación da EDAR Lagares dende o 1 de marzo de 2017 ata o 30 de abril de 2018, xa referida no apartado I.

Así pois, a cota de recuperación de investimentos para o ano 2017 e 2018 será similar á do ano 2016, é dicir, 0,3866.

### II.- Recuperación plan de investimentos

**0,3866 €/m<sup>3</sup>**

### III.- CANON

O canon municipal non experimentou variación algunha dende o ano 2007 e, polo tanto, mantense en 0,0300 €/m<sup>3</sup>, conforme se recolle no Informe-proposta do expediente 101177/140, de data 15 de febreiro de 2008 do Xefe de Servizo de Investimentos, último expediente de retribución á concesionaria aprobado pola XGL.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:58

Páxina 5 de 9

Expediente 2412/500

Código de verificación: 22ED4-84888-A5BC3-43B2A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

**III.- Canon municipal**

**0,0300 €/m<sup>3</sup>**

**IV.- RECUPERACIÓN DAS COTAS DE AMORTIZACIÓN DOS PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO COFINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DOS FONDOS DE COHESIÓN**

Segundo o estudo de viabilidade remitido á Comisión Europea, para lograr a cobertura total dos custos de explotación e amortización de ditas instalacións considérase necesario a repercusión de 0,0004 €/m<sup>3</sup>, en cumprimento do acordo plenario de 29/05/2000, e coa finalidade de proceder á substitución destes activos unha vez concluída a súa vida útil (30 anos).

**IV.- Recuperación das cotas de amortización dos proxectos de infraestruturas de saneamento cofinanciados pola Unión Europea a través dos fondos de cohesión**

**0,0004 €/m<sup>3</sup>**

**V.- RECURSOS HUMANOS APLICADOS DIRECTAMENTE Á SUPERVISIÓN TÉCNICA DO SERVIZO E Ó SEGUIMENTO DO RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN**

	Adicación
1 Xefe de Area de servizos xerais	50%
1 Enxeñeiro técnico	100%
1 Inspector de control da concesionaria	100%
1 Auxiliar administrativo	100%
1 Técnico Economista	50%

Total custes recursos humanos 2017:	194.478,77 €
Estimación custes recursos humanos 2018:	196.423,56 € (*)
Metros cúbicos estimados 2018:	41.075.000 m <sup>3</sup>
Repercusión custes recursos humanos 2018:	196.423,56 / 41.075.000 = 0,0048 €/ m <sup>3</sup>

(\*) Incrementábase o importe total do custo de persoal calculado nun 1% por aplicación do disposto na *Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017* en materia de retribucións.

**V.- Recursos humanos aplicados directamente ó seguimento do réxime económico da concesión e supervisión técnica do servizo**

**0,0048 €/m<sup>3</sup>**





CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

**VI.- CUSTES INDIRECTOS DERIVADOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO**

Segundo cómputo de custes dos principais servizos de carácter medial do Concello, o importe estimado para o exercicio 2018 é de 22.877.788,14 €. Impútase a este servizo un 1%, concluíndose unha repercusión de 0,0056 €/m<sup>3</sup>

Estimación custes centros mediais 2018: 22.877.788,14 €  
Metros cúbicos estimados 2018: 41.075.000 m<sup>3</sup>  
Repercusión custes indirectos 2018:  $(22.877.788,14 \times 1\%) / 41.075.000 = 0,0056 \text{ €/m}^3$

**ESTIMACIÓN CUSTES CENTROS MEDIAIS  
EXERCICIO 2018**

SECRETARÍA XERAL	485.571,96 €
CONSERXERÍA	972.900,81 €
ASESORÍA XURÍDICA	695.291,69 €
ARQUIVO XERAL	498.029,89 €
REXISTRO XERAL	358.981,19 €
PERSOAL	1.323.816,03 €
ESTATÍSTICA	550.111,01 €
ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	1.769.011,96 €
ATENCIÓN CIDADÁ	688.410,84 €
INTERVENCIÓN XERAL E CONTABILIDADE	1.229.976,87 €
PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	1.372.125,76 €
TESOURERÍA E RECADACIÓN	4.632.669,80 €
XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA	2.782.937,47 €
TRIBUNAL ECONÓMICO	296.723,40 €
ÓRGANOS DE GOBERNO	5.221.229,45 €
<b>TOTAL CUSTE CENTROS MEDIAIS 2018</b>	<b>22.877.788,14 €</b>

**VI.- Custes indirectos derivados da administración xeral do Concello 0,0056 €/m<sup>3</sup>**







CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

## RESUMEN ESTIMACIÓN DO CUSTE UNITARIO POR <sup>3</sup>MDE AUGA FACTURADA PARA O EXERCICIO 2018

I	Custe unitario de estrita explotación:	0,6894 €/m <sup>3</sup>
II	Recuperación Plan de Ingresos (*):	0,3866 €/m <sup>3</sup>
III	Canon municipal:	0,0300 €/m <sup>3</sup>
IV	Recuperación cotas de amortización proxectos UE:	0,0004 €/m <sup>3</sup>
V	Recursos humanos aplicados directamente ó control do servizo:	0,0048 €/m <sup>3</sup>
VI	Custes indirectos (1% da Admón. Xeral do Concello):	0,0056 €/m <sup>3</sup>

**Total estimación custe unitario ano 2018** **1,1168 €/m<sup>3</sup>**

(Total custe unitario ano 2017, según previsión realizada en estudio económico 2017: 1,0974 €/m<sup>3</sup>)

(\*) Inclúe a Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR Lagares

### B) ESTIMACIÓN DA TARIFA MEDIA PARA O EXERCICIO 2017

Segundo os datos obtidos dos Padróns fiscais da taxa correspondentes aos primeiros seis meses de 2017, a tarifa media obtida é de 0,9925 €/m<sup>3</sup>.

Segundo estadísticas de consumo dos últimos anos, a tarifa media adoita incrementarse por motivos de estacionalidade no segundo semestre, estimándose que a tarifa media no cómputo total do ano 2017 ascendería a **1,015 €/m<sup>3</sup>**.

### C) COMPARACIÓN ENTRE AS ESTIMACIÓNS DE CUSTE UNITARIO PARA O EXERCICIO 2018 E A TARIFA MEDIA PARA O EXERCICIO 2017

Estimación custe unitario 2018 = **1,1168 €/m<sup>3</sup>**

Estimación tarifa media 2017 = **1,0155 €/m<sup>3</sup>**

Para una **cobertura total do custe** compre incrementar a tarifa media nun **9,98%**.

### D) DETERMINACIÓN DE TARIFAS PARA 2018

Segundo as instrucións recibidas do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, a actualización desta taxa para o ano 2018 será dun 2,2%. Trátase dunha adecuación do importe da taxa ós custes que se derivan do contrato de concesión de 1990, no que o custe fixo, significaba neste servizo, un 95% do custe total. Na actualidade, estímase a mesma porcentaxe sobre o custe total polo crecemento extraordinario habido nas redes de abastecemento e saneamento.





## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

Coa tarifa proposta financiarase o 92,93% do custe total, respectándose así o límite legal previsto no artigo 24.2 do TRLRFL que sinala que “*o importe das taxas pola prestación dun servizo ...non poderá exceder, no seu conxunto do custe real ou previsible do servizo...*”. Esta actualización iguala á evolución seguida nos tipos e tarifas das restantes taxas do Concello.

Coa proposta que se formula **a tarifa media para o exercicio 2018 estímase en 1,0378 €/m<sup>3</sup>**.

Asina dixitalmente

A Adxunta á Directora de Ingresos

CONFORMA,

A Directora de Ingresos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:58

Páxina 9 de 9

Expediente 2412/500

Código de verificación: 22ED4-84888-A5BC3-43B2A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## ORDENANZA Nº 60

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. 2017

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo establece a taxa por subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, á que se refiren os apartados letras r) e t) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- Subministración ou abastecemento de auga potable.
- Utilización das redes de sumidoiros e os servizos de saneamento e depuración de augas residuais.
- A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do servizo.
- En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

### ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1.- É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

## ORDENANZA Nº 60

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. 2018



2.- Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do tributo determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos impositivos consecutivos.

#### ARTIGO 5. TARIFAS

##### TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

A cota establecida neste epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ao servizo 3,72 €/usuario/mes

##### TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

###### A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3765 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,4959 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5038 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8597 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8744 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1436 €/m3

###### B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,7144 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0463 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	1,0788 €/m3

#### ARTIGO 5. TARIFAS

##### TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

- Cota de aboamento ao servizo 3,80 €/usuario/mes

##### TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

###### A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3848 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5068 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5149 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8786 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8936 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1687 €/m3

###### B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,7301 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0694 €/m3



Ídem de 70 ata 200 m3	1,3094 €/m3	Ídem de 50 ata 70 m3	1,1026 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,3505 €/m3	Ídem de 70 ata 200 m3	1,3382 €/m3
Exceso de 500 m3	1,4198 €/m3	Ídem de 200 ata 500 m3	1,3802 €/m3
		Exceso de 500 m3	1,4511 €/m3

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

**A) Usos domésticos:**

De 0 a 30 m3	0,4093 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5312 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5376 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8298 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8383 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9507 €/m3

**A) Usos domésticos:**

De 0 a 30 m3	0,4183 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5429 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5494 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8480 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8567 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9716 €/m3

**B) Uso non doméstico:**

De 0 a 30 m3	0,6386 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,8058 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,8188 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,0077 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,1318 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3037 €/m3

**B) Uso non doméstico:**

De 0 a 30 m3	0,6526 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,8235 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,8368 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,0299 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,1567 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3324 €/m3

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

**CONSUMO MÍNIMO.**

O consumo mínimo que se lles deberá facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 15 m3/mes.

**FORMA DO CÁLCULO DO CONSUMO.**

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

**CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.-**

1. As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100m. Das redes de subministración de auga e saneamento deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa a solicitude á entidade concesionaria do servizo. A dita obrigatoriedade subsistirá,



limitándose a un servizo, no suposto de que sexa unha única rede (subministración ou saneamento) a que se atope dentro do límite máximo de 100m., ao que anteriormente se fixo referencia.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza fiscal, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

#### TARIFA IV.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, CON CARGO AOS USUARIOS

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza Fiscal como anexo número 1.

2. Os cadros dos prezos unitarios, anteriormente citados, inclúen as operacións correspondentes a mantemento, reparación e, no seu caso, substitución das acometidas de subministración de auga, que serán a cargo do concesionario do servizo.

3. Con respecto ás acometidas de saneamento ás obrigas asumidas polo concesionario limitaranse a limpeza das mesmas.

4. O concesionario, naqueles casos nos que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varias fincas ademais de ao do solicitante, repercutirá sobre os futuros usuarios, que se vexan beneficiados por dita ampliación, a parte proporcional do custo do proxecto. O concesionario distribuirá os ingresos obtidos entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a este tramo.

5. A obriga do concesionario fronte ao primeiro



solicitante dunha prolongación e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos cinco anos de efectuarse o pagamento desa primeira acometida.  
6. O concesionario terá plena liberdade, sen que resulte de aplicación o previsto nos anteriores parágrafos, para conectar a esta instalacións acometidas xa existentes na zona ampliada.

TARIFA V.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO

1. Usos domésticos (unicamente vivendas unifamiliares):

- Abastecemento	450,7591 €
- Saneamento	1.051,7712 €

2. Usos industriais:

- Abastecemento	1.803,0363 €
- Saneamento	3.005,0605 €

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza Fiscal como anexo número II.

TARIFA VI.- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO

- Por cada formalización de alta (subministración /ou saneamento). 13,8533 €

- Por cada solicitude, toma de datos e confección de Orzamento de instalación de acometida ou rede de ampliación. 3,0051 €

TARIFA VII.- CONSUMOS ESPECIAIS

Por cada columna para a toma de auga en bocas de rego, con destino exclusivo a obras de pavimento ou urbanización de rúas e vías públicas, ou para usos similares. 60,1012 €

TARIFA VIII.- REPOSICIÓN DE



SUBMINISTRACIÓNS

- Levantamento e reposicións do contador de medida. 18,0304 €
- Apertura/peche chave macho. 18,0304 €
- Levantamento e reposición acometidas. 105,1771 €

TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0.002229 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002229. (Ø2) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3767 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm. ....	39,6534 €
Contador de 15 mm. ....	43,7975 €
Contador de 20 mm. ....	53,3676 €
Contador de 25 mm. ....	91,8726 €
Contador de 30 mm. ....	128,4637 €
Contador de 40 mm. ....	198,9298 €
Contador de 50 mm. ....	441,3107 €
Contador de 65 mm. ....	546,3262 €
Caixa de Rexistro, unidade .....	12,9849 €

A totalidade das tarifas, previstas neste artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

**ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA**

A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota tributaria será resultado de aplicar á base imponible a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 desta Ordenanza fiscal.

**ARTIGO 7. DEVINDICACION**

Devindícase a taxa e, en consecuencia, nace a obriga de contribuír, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

**ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO**

TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0,002278 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002278. (Ø2) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3850 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm. ....	40,5258 €
Contador de 15 mm. ....	44,7611 €
Contador de 20 mm. ....	54,5416 €
Contador de 25 mm. ....	93,8938 €
Contador de 30 mm. ....	131,2899 €
Contador de 40 mm. ....	203,3063 €
Contador de 50 mm. ....	451,0195 €
Contador de 65 mm. ....	558,3454 €
Caixa de Rexistro, unidade .....	13,2705 €





O período impositivo coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas tributarias dos servizos cunha prestación que orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

### **ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN**

1. A xestión, liquidación e recadación da taxa realizarase conforme á Lei xeral tributaria e restante normativa tributaria de aplicación. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.
2. Os padróns fiscais desta taxa serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía e posterior remisión á Xunta de Goberno Local para coñecemento.
3. A Xunta de Goberno Local tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza vía de constrinximento, no caso en que fose procedente

### **ARTIGO 10. EXENCIÓNS**

No relativo a exencións e bonificacións estarase ao disposto nos artigos 9 a 12 da Ordenanza fiscal Xeral do Concello de Vigo.

### **ARTIGO 11. COBRO DA TAXA**

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.
2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

### **ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Para a cualificación das infraccións tributarias e das sancións que en cada caso procedan, estarase ao previsto na vixente Lei xeral tributaria.

Sen prexuízo do exposto no apartado precedente, a entidade concesionaria poderá exercer as facultades outorgadas na cláusula 70 do prego de condicións administrativas que rexeu o concurso así como as establecidas no artigo 66 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas e



saneamento (aprobado polo Pleno Corporativo en sesión do 27 de xaneiro de 1993), tras as autorizacións administrativas oportunas.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

### **PUBLICACIÓNS BOP:**

27 DE DECEMBRO DE 2000  
26 DE DECEMBRO DE 2001  
26 DE DECEMBRO DE 2002  
30 DE DECEMBRO DE 2003  
29 DE NOVIEMBRE DE 2004  
7 DE DECEMBRO DE 2005  
30 DE DECEMBRO DE 2006  
10 DE DECEMBRO DE 2007  
10 DE DECEMBRO DE 2008  
11 DE DECEMBRO DE 2009  
14 DE DECEMBRO DE 2010  
22 DE NOVIEMBRE DE 2011  
25 DE NOVIEMBRE DE 2015  
12 DE DECEMBRO DE 2016

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.